

MARÉ

15.05.2009 | GALICIA HOXE | 35

CARA AO 17 DE MAIO

**EDITORIAL** Feijoo encárgalle a Anxo Lorenzo, un profesor que traballou para os socialistas, a misión de lograr o consenso de todos os partidos para derrogar o Decreto do Galego

# O labirinto presidencial

**Galicia Bilingüe acusa o titular da Xunta de mentir nas eleccións ao elixir un ex colaborador de Marisol López**

maré · Santiago

De "fraude" qualificou onto a máxima responsable de Galicia Bilingüe, Gloria Lago, que o presidente Alberto Núñez Feijoo elixise a Anxo Lorenzo como novo responsable de Política Lingüística, un home que "sublima" "manipula a realidade" sobre o modelo lingüístico de ensino. O nomeamento abriu, neste xeito, unha nova fronte para o presidente na súa guerra lingüística xa que, segundo Lago, "decepciona aos que crímos nas intencións [de cambiar radicalmente a política lingüística], expresadas durante a pasada campaña electoral".

Coas organizacións de defensa do galego en contra, cunha manifestación convocada para o domingo que apoian colectivos de base, asociacións de escritores e partidos políticos, Núñez Feijoo engade agora a oposición dunha agrupación que o apoiou expresamente nas últimas eleccións e á que el mesmo secundou coa súa presenza en distintos actos de oposición ao uso vehicular do galego. Núñez Feijoo, indica agora Lago, amosa que "non está moi disposto a atender os seus compromisos de campaña".

A elección de Lorenzo (Vigo 1964), que se considera un intento de reconstruír o estatalizado escenario da política lingüística tras o seu uso electoral nos últimos comicios, provocou un auténtico tremor no país, entre outras razóns porque Lorenzo traballou para o Partido Socialista e soubo para o ca go actual que agora ocupa no anterior goberno do bipartito, antes de que Pérez Touriño se decidise por Marisol López. Para ela realizou, precisamente, proxectos como a exposición *"As nosas palabras, os nosos mundos"*, que viaxou por distintas cidades e se exhibiu en Bruxelas.

Porén, a inclusión deste profesor da Universidade de Vigo nun goberno do Partido Popular (PP) non é unha sorpresa: xa nas primeiras escravanzas de Núñez Feijoo para pechar cargos, se rumoreaba que Anxo Lorenzo ocuparía a Consellería de Cultura.

O novo responsable de Política Lingüística non terá fácil na misión encomendada por Feijoo: derrogar o Decreto do galego no ensino co consenso de todas as forzas políticas, como apuntou Núñez Feijoo ao fazer público o nomeamento desde "independente" destinado a sanitizar o "bilingüismo cordial da rúa", que é como o PP bautizou a súa concepción da normalización fónte ao "descordado sementado" –diz– polo bipartito.



Anxo Lorenzo con Marisol López na inauguración da exposición que organizou para o departamento do bipartito

## O PROGRAMA

### Encontro coa RAG o Día das Letras en Láncara

Núñez Feijoo tamén se referiu onto á amoestación da real Academia Galega (RAG), que instou o PP para afastar da controversia política a cuestión lingüística. Feijoo afirmou que xa mantivo unha conversa co presidente da institución e señalou que se verán o próximo 17 de maio, Dia das Letras Galegas, xa que Ieri previsto ir aos actos organizados pola RAG, entre eles a unha ofrenda a Ramón Piñeiro.

O presidente galego asegurou que

existe "cordialidade" con RAG e que el cre "na liberdade e na normalización do galego. A Academia tamén está de acordo", dixo, á vez que mostraba o seu "convencemento de que non haberá problemas por parte do Goberno", pois mantén a súa intención de "promocionar o galego dentro da cordialidade lingüística", un "excelente tandem que apoiarei sempre", concluíu.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) sumouse on-

te ao comunicado da RAG e apelou á consideración da lingua galega como "un patrimonio histórico de toda a sociedade" e como parte "consubstancial" da súa identidade "comunación e colectividade".

O comunicado xa foi apoiado por asociacións como a Mesa para a Normalización Lingüística ou Partido do Socialista, que acusou a Feijoo de conseguir "o que non fixera ningún: lograr que un lema que non era de debate, o fose".

## CALLÓN PRESENTA A MANIFESTACIÓN DO DÍA 17

### Os galegofalantes caeron ao 17% na Coruña

Tras o apoio ou márceres de varias entidades, como CIG-Ensino, o BNG ou a Asociación de Escritores en Lingua Galega, novas organizacións, como Lingopatrimonio ou a de Gaiteiros os Galegos, decidiron secundar formalmente a manifestación do día 17 de maio en defensa da lingua galega e contra a derrogación do vixente decreto do galego no ensino, convocada pola Mesa.

Precisamente onto, o presidente da asociación, Carlos Callón, presentou na Coruña a manifestación, nun acto no que deron a coñecer os resultados do estudio da RAG sobre o uso da lingua "Os datos", dixo Callón, "probam que non hai ningunha disci-

minación ó castelán, como díen os PP, e que se hai unha lingua discriminada é o galego".

O estudo reflicte un contraste entre 1992 e 2004, cunha diminución das cifras de poboación que declara falar máis en galego que en castelán, ou só en galego, do 35,6% dos anos noventa, ó 17,8%. A caída do uso do galego é común tamén ó resto de cidades galegas, producindose ata un descenso no mundo rural. Segundo Callón, isto débese á existencia de "grupos radicais que practican o racismo lingüístico". Entre as cidades nas que mellor "resiste" o galego están Compostela e Lugo.

Coa manifestación, hoxe o lema

"O galego, a nosa columna vertebral", a Mesa pretende manifestar que o galego é unha lingua viva, que todos, ata os que non a utilizan, entenden".

Callón fixo un chamamento á participación na manifestación do 17 de maio: "É necesario que nos mobilizemos en defensa do galego", insistiu, en alusión tanto aos que o empregan como idioma habitual como aos que non. "O galego é un elemento que nos une e como de Manuel Rivas non atopamos os galegos soldados de elementos que nos unen", sentenciou. A manifestación terá lugar o 17 de maio desde a Alameda de Santiago, con servizo de autobuses desde diferentes puntos de Galicia.

Lorenzo "ten que facer compatible a promoción do galego e a liberdade lingüística", explicou Feijoo, a través dun "novo decreto" que –admitiu o presidente– non se sabe moi ben cuando podería estar listo pero que, en todo caso, deberá ser –prometeu– fruto do consenso".

O voceiro en materia de lingua do Grupo Parlamentario do BNG, Bieito Lobeira, non lle deu tregua e chamoule a Anxo Lorenzo "verdugo" do galego, dentro da estratexia do PP para "exterminar" calquera "sinal de identidade" de Galicia. Lobeira non está espezando malia a traxectoria de Lorenzo de apoio á normalización. "Paco Vázquez é do PSdeG e o dano que lle fixo ao galego é importante". O deputado reflexionou sobre a intención do PPdeG de "cargarse o escaso marco legal, de entorpecer o consenso e vulnerar os dereitos democráticos do galego" e concluíu que os conservadores son "feis disciplinados soldados da fundación FAES", dirixida polo ex presidente José María Aznar e autora dun informe onde o galego se considera dialecto "fruto do 'illamento' de Galicia e da súa poboación rural".

Pola súa banda, o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, advertiu que xulgáran "polos seus feitos e o seu futuro" e "non polo seu pasado" o novo responsable de Política Lingüística. "Hai pouco dicía que era unha invención de sectores minoritarios que o galego se impunha e que era necesario estudar medidas e propostas que supinxesen un avance", recordou Louzao para pedirlle ao novo cargo que "mantenga" as súas palabras e sexa "consecuente".

A Mesa, pola súa banda, resto importancia ao nome da persoa que se encargue de Política Lingüística e sublinhou a súa preocupación polas políticas anunciantas todos os días polos actuais gobernantes da Xunta: "Pode ser máis guapo ou máis feo, ter máis currículo ou menos currículo, máis ou menos capacidade para embalar, mais un posto de verdugo para o galego". O presidente da asociación, Carlos Callón, amosou a súa mágoa porque "haxa persoas que se prestan a este xogo perverso e estean dispostas a ser a pel de ovella para camuflar o lobo". Lembrou que "as propostas dos actuais directrices do PP son claras: derrogación do decreto do ensino, eliminar o galego como requisito nas oposicións e mesmo derrogación da Lei de normalización lingüística".

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística (EDNL) valorou "positivamente" o nomeamento polos seus "coñecementos acreditados" e pedironlle "coherencia" coa liña de traballo e promoción da lingua "que tivo ata o momento" en alusión ao seu traballo de apoio ao Plan de normalización. •